

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5/04/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación definitiva servizos Plan Especial Casco Histórico de Fisterra.--
- 4º.- Adxudicación definitiva Servizos de Arquitecto Departamento de Urbanismo.---
- 5º.- Adxudicación definitiva Obra Urbanización Rúa Atalaia.-
- 6º.- Adxudicación definitiva Obra Saneamento e Pavimentación de Vilar.-
- 7º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **5/04/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 22 de Marzo de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A ETEL & PAN, S.C., con NIF J-70452842 e domicilio social na Rúa da Coruña, 46-1º de Sardiñeiro de Abaixo neste Termo Municipal, para

proceder á Reforma Interior do Local sito na Praza da Constitución, 10 da Vila de Fisterra coa finalidade de destinalo a Bar e Comercio Menor (Venta de Productos ao por menor) con Referencia Catastral 8606605MH7580N0001KT debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución visado o 29/01/2018 e Documentación Complementaria de data 23/03/2018 redactada polo Arquitecto Carlos Bóveda Casado que consta no expediente; condicionada a que :

1) En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora vixente dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o EXPEDIENTE : 2018/U022/00003
- o DATA CONCESIÓN DA LICENZA : 5/04/2018
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN : Ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I) do Casco Histórico.
- o PROMOTOR: ETEL & PAN
- 1o CONSTRUTOR : -----
- o DIRECTOR DE OBRA : Carlos Bóveda Casado, Arquitecto, Colexiado COAG 3.323
- o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : As existentes
- o USO : Bar e Comercio Menor
- 1o PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN : Tres anos.-

Dito Cartel será cun taboleiro hidrófugo, fondo branco e texto negro visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Douscentos noventa e nove con trinta e catro céntimos (299,34 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada polo Departamento de Urbanismo desta Corporación en base á aplicación do previsto na Ordenanza fiscal reguladora, Tipo 2,2% sobre un Presuposto de execución material de 13.606,44 €.

B) Á vista da petición formulada por parte de COBRA ELECTRICIDAD, con CIF A46146387 e domicilio social na Rúa Galileo Galilei, 30 no Polígono Industrial A Grela de A Coruña (CP15008) sobre devolución da fianza imposta no seu día mediante Póliza de Seguro de Caución número 9400600575000 polo importe de Dous mil novecentos oito euros con oitenta e catro céntimos (2.908,84 €) para garantir o bo estado da vía pública co motivo das obras levadas a cabo para instalación de “ RBT en Polígono 6 Parcela 531 ” con destino a dúas vivendas sitas na localidade de Padrís no Termo Municipal de Fisterra e

Resultando que con data 5/04/2018 emitíuse informe pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación onde se determina que o pavimento das vías públicas incluídas no Inventario de Bens Municipais con Código 103 e 127 está repostado e en boas condición de uso

,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda proceder á súa Cancelación a tódolos efectos legais con devolución á citada Empresa mediante dilixencia expedida por Secretaría.-

C) Á vista da petición formulada por parte de ELECNOR, S.A., con CIF A48027056 e domicilio na Calle Marqués de Mondejar, 33 de Madrid (CP 28028) sobre devolución da fianza imposta no seu día mediante Póliza de Seguro de Caución número 28019900520 5944 polo importe de Cincocentos catorce euros con corenta e sete céntimos (514,47 €) para garantir o bo estado da vía pública co motivo das obras levadas a cabo para instalación de “ RBT Camiño Insua s/n ” con destino a unha vivenda unifamiliar sita na localidade de A Insua no Termo Municipal de Fisterra e

Resultando que con data 5/04/2018 emitíuse informe pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación onde se determina que o pavimento da vía pública incluída no Inventario de Bens Municipais con Código 395 está repostado e en boas condición de uso ,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda proceder á súa Cancelación a tódolos efectos legais con devolución á citada Empresa mediante dilixencia expedida por Secretaría. -

D) Á vista da petición formulada por parte de ELECNOR, S.A., con CIF A48027056 e domicilio na Calle Marqués de Mondejar, 33 de Madrid (CP 28028) sobre devolución da fianza imposta no seu día mediante Póliza de Seguro de Caución número 30000907/00000450 polo importe de Cento cincuenta e tres euros con corenta céntimos (153,40 €) para garantir o bo estado da vía pública co motivo das obras levadas a cabo para instalación de “RBT en Lugar de Insua s/n” con destino a unha vivenda unifamiliar sita na localidade de A Insua no Termo Municipal de Fisterra e

Resultando que con data 5/04/2018 emitíuse informe pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación onde se determina que o pavimento da vía pública está repostado e en boas condición de uso ,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda proceder á súa Cancelación a tódolos efectos legais con devolución á citada Empresa mediante dilixencia expedida por Secretaría.-

3º.- Expediente adxudicación definitiva contratación Servizos de Redacción Plan Especial.--

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado co motivo da Contratación do Servizo para redacción do Plan Especial do Casco Historico de Fisterra a partires da súa aprobación inicial cun presuposto de licitación po importe de Setenta e dous mil seiscentos euros (2.600,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido cunha duración de Tres anos ,

Resultando que por parte da Empresa Alfonso Botana S.L., foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, seguridade social, garantía definitiva así como os medios personais e materiais que vai a adscribir ó servizo.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente o servizo en cuestión en favor da Empresa ALFONSO BOTANA S.L., con CIF B70531595 e domicilio social no Edificio Citic (Campus El Viña) s/n de A Coruña (CP 15071) nun importe de Cinquenta e nove mil setecentos cincuenta e dous euros con sete céntimos (59.752,07 €) e Doce mil cincocentos corenta e sete euros con noventa e tres céntimos (12.547,93 €) do Imposto sobre o Valor Engadido por un periodo de Trinta e dous meses (32) contados a partir do día seguinte á da formalización do contrato administrativo.-

2º.- Facer saber á adxudicataria que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Adxudicación Servizos de Arquitecto.---

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado co motivo da Contratación do Servizo de Consultoría e Asistencia Técnica dentro desta Corporación en materia de Arquitectura e Urbanismo cun presuposto de licitación por importe de Trinta e sete mil novecentos euros con oitenta e un céntimos (37.900,81 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido,

Resultando que por parte de Carolina Cajide Barbeito, foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e garantía definitiva.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a prestación do Servizo en cuestión á Licenciada en Arquitectura, Carolina Cajide Barbeito, nun importe de nun importe de Trinta e un mil trescentos vinte e dous euros con noventa e oito céntimos (31.322,98 €) e Seis mil cincocentos setenta e sete euros con oitenta e tres céntimos (6.577,83 €) do Imposto sobre o Valor Engadido por un periodo de Dous anos (2) contados a partir do día seguinte á da formalización do contrato administrativo.-

2º.- Facer saber á adxudicataria que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

5º.- Adxudicación definitiva Obra Urbanización Rúa Atalaia.-

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada "Urbanización Rúa Atalaia - Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a

cantidade de Oitenta e tres mil trinta e oito euros con setenta e tres céntimos (83.038,73 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, dentro do POS + ADICIONAL 1/2017, 1ª Fase da Excmá Diputación Provincial,

Resultando que por parte da Empresa **Búa Construcciones y Servicios S.L.**, foi presentada a documentación xustificativa de **encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como os medios personais e materiais que vai a adscribir á execución da Obra en cuestión.**-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- **Adxudicar definitivamente** a obra en cuestión en favor de **Búa Construcciones y Servicios S.L.**, con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Sesenta e oito mil cento oitenta e un euros con oitenta e dous céntimos (68.181,82 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catorce mil trescentos dezaioito euros con dezaioito céntimos (14.318,18 €) que supón unha baixa de Cincocentos oitenta e tres euros con setenta e tres céntimos (538,73) en relación co tipo de licitación.---

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Designar como Técnica Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, a **Arquitecta Carolina Cajide Barbeito** que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

6º.- **Adxudicación definitiva Obra Saneamento e Pavimentación de Vilar.**-

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación Obra denominada denominada "Saneamento e Pavimentación de Vilar" cun presuposto de execución que ascende a un importe de Cento vinte mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (120.052,24 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Convenio 82/2017 formalizado coa Excmá Deputación Provincial o día 12 de Xullo de 2017. que a continuación se indica :

Resultando que por parte da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L., foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como os medios personais e materiais que vai a adscribir á execución da Obra en cuestión.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de importe de Noventa e sete mil cincocentos vinte euros con sesenta e seis céntimos (97.520,66 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Vinte mil catrocentos setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (20.479,34 €) que supón unha baixa de Dos mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (2.052,24 €) en relación co tipo de licitación.---

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Designar como Técnica Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, a Arquitecta Carolina Cajide Barbeito que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

7º.- Asuntos varios.

VADOS PERMANENTES ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número 464 (RE) de 21/2/2018, por **María Dolores Domínguez Pazos**, no que solicita **autorización para a instalación dun vado permanente de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 139 m2, que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación con referencia catastral número 8607509MH7580N0001OT.**

Visto o informe favorable que emitíu a arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación de data 28/3/2018 que consta no expediente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º Conceder a María Dolores Domínguez Pazos, licenza para a instalación do vado permanente número **2/2018** (chapa número **126**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 139 m2, coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de **cento dezaioito euros** (118,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar as placas de cada un dos vados e colocalas nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 585 (RE) de 5/3/2018 por **Ramón Castreje Insua**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar restaurante” que se localiza na edificación da rúa Alcalde Fernández, 31 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 6/4/2017, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Juan Francisco Rivas Domínguez, licenza definitiva de apertura de “café bar restaurante 1 garfo” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 31 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a **comunicación de transmisión de licenza asinada entre Juan Francisco Rivas Domínguez e Ramón Castreje Insua.**

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes,** acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Ramón Castreje Insua, para o inicio

da actividade de “cafe bar restaurnte 1 garfo” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 31 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 651 (RE) de 9/3/2018 por María Pilar Chinarro Fernández, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “bar categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 3/1/2002, a Comisión de Goberno concedíulle a Francisco Javier Domínguez Velay, licenza definitiva de apertura de “bar categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Francisco Javier Domínguez Velay e María Pilar Chinarro Fernández.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por María Pilar Chinarro Fernández, para o inicio da actividade de “bar categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o expediente iniciado co número 817 (RE) de 3/4/2018 por Andrea María Rodríguez Vázquez, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “hotel de natureza 1*” que se localiza na edificación da rúa Mar de Fóra, 17 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 25/6/2012, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Juan Francisco Traba Martínez, licenza de apertura e funcionamento para actividade de “hotel de natureza 1*” que se localiza na edificación da rúa Mar de Fóra, 17 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Juan Francisco Traba Martínez e Andrea María Rodríguez Vázquez.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Andrea María Rodríguez Vázquez, para o inicio da actividade de “hotel de natureza 1*” que se localiza na edificación da rúa Mar de Fóra, 17 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Vista a solicitude presentada co número 669 (RE) de 12/3/2018 **por VAAMONDE Y ESTEVEZ, S.L.**, con CIF: B-70.053.426 e domicilio social no Paseo da Ribeira, 43 desta vila, **sobre reclamación por responsabilidade patrimonial** a este concello polo importe de dous mil trescentos sesenta e cinco euros e cincuenta e cinco céntimos (2.365,55 €) consecuencia **dos supostos danos producidos polo mal funcionamento do Servizo Municipal de Sumidoiros.**

Resultando, que dado trámite ao procedemento, a través de oficio número 502 (RS) de 19/3/2018, remítese **copia da reclamación presentada á empresa BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.**, encargada da rede municipal de saneamento.

Considerando, que co número 814 (RE) de 3/4/2018 dita presenta Informe ao respecto do que se desprende:

“Na data do 8/1/2018 foron requiridos os servizos da empresa por parte das dependencias municipais as que informaron sobre un posible atasco da rede de saneamento público no tramo en cuestión situado na zona portuaria de Fisterra que presta servizo ao restaurante “EL PUERTO”. Desprazados ata o lugar os operarios de mantemento da empresa equipados con camión cisterna limpador de chorro procederon, dentro das competencias contratadas, coa limpeza de todo o tramo do colector xeral interceptor de fecais, extraendo unha importante cantidade de materiais pétreos tales como gravas, pedras e mesmo algún resto de ladrillos de obra acumulados nos pozos e nas conducións. Rematados os traballos verificouse que o problema de atasco no restaurante “El Puerto” seguía a existir polo que se constatou que a avaría proviña da súa acometida particular, a cal uns días antes según informaron os interesados, estiveran tentando desatascar xa aqueixados polo contratempo.

Rematados os traballos de limpeza da rede xeral e comprobado que se trataba dun problema alleo á rede pública comunicouse aos responsables do restaurante a necesidade de solventar a situación a título particular.

Na data do 3/2/2018, requeríronse novamente os servizos de desatasco prestados por esta empresa, nesta ocasión con promoción polos rexedores do restaurante, VAAMONDE Y ESTEVEZ, S.L., desprazados ata o lugar os operarios e a maquinaria necesaria, procedeuse a tentar desatorar a acometida particular do establecemento, a que según os interesados era a que interceptaba coa rede xeral no pozo nº 1 acorde co croquis explicativo que consta no informe orixinal.

Destacar como observación que novamente nesta data os operarios da empresa atoparon a súa chegada a rede xeral ao borde do colapso atorada con pedras e gravas como na anterior ocasión podendo verificar, logo das correspondentes pesquisas, procederan estes residuos dos arrastres de limpeza durante as labores de intento de desatasco da acometida do restaurante que outra empresa con anterioridade levou a cabo sen éxito, perxudicando deste xeito o funcionamento da rede nese tramo.

Visto isto, comezouse coas operacións de limpeza mediante equipo impulsor de chorro dotado con tobeira de arrastre para de novo tentar desatascar o albañal particular, suspendendo inmediatamente as operacións ao observar os traballadores que sae unha enorme cantidade de grava e pedras do interior cara o POZO Nº 1 polo que se indica aos propietarios que non se pode resolver o problema desta forma, procedendo entón a actuar coa limpeza no interior do local cara o exterior e conseguíndose en definitiva unha mellora do fluxo cun desatasco parcial; a partires de ahí continuouse coa limpeza de novo de toda a rede xeral contaminada cos cascallos para garantir o seu funcionamento en condicións quedando a acometida particular parcialmente en fluxo, informándose ao solicitante sobre a necesidade de facer obra urxente de acondicionado para solventar o problema en vistas dunha mais que probable reiteración.

Posteriormente de novo foi requerida a presenza dos responsables desta empresa por reincidencia do problema a 2/3/2018, data na que outra sociedade que presta servizos de desatasco promovidos por VAAMONDE Y ESTEVEZ, S.L, se atopaba no lugar tentando outra vez desatascar a que se pensaba que viña sendo a acometida do restaurante que entronca coa rede no pozo nº1. Visto que as operacións non tiñan os efectos agardados, acoudouse coa empresa actuante de facer unha proba noutro pozo situado a uns 15 metros (pozo nº2) por comprobar aínda que de forma ilóxica, se a acometida do restaurante interceptaba coa rede xeral nese punto. Feito iso, finalmente tras determinar cal era o trazado real descoñecido ata o momento incluso polos responsables do establecemento, conseguíuse desatascar a acometida particular do local.

Habida a circunstancia e tras todo o procedemento exposto ante os requirimentos sinalados, INFORMASE

Feitos comprobados

- Que os danos por inundacións que sufriu o devandito restaurante nas datas comunicadas non foron froito do mal estado ou atasco da rede

xeral de saneamento municipal senón que ao contrario do que cabe, a rede xeral se viu perxudicada polas operacións de limpeza da acometida particular por arrastre de residuos, atopándose a día de hoxe e tras as operacións de limpeza realizadas a cargo da informante en orde de fluxo normal e adecuado.

- Que as inundacións producidas no restaurante “EL PUERTO” foron debidas a unha construción inadecuada da acometida particular do establecemento, a cal incluso discorre baixo propiedades colindantes (Restaurante Lorca-Calafigueira) con arquetas de rexistro interiores e ocultas que son probablemente a fonte dos problemas habidos e que seguirán existindo de non tomaren unha pronta solución con obras de acondicionamento da instalación.

- Que se anexa ao presente informe un CD-ROM cos videos e fotografías dos traballos realizados nos que se aprecia a limpeza da rede Xeral de Saneamento retirando o cúmulo de cascallos procedentes desta acometida quedando totalmente en réxime de traballo e descartando en tódalas ocasións que se tratase dun problema de competencia municipal.”

Seguidamente, á vista da documentación obrante no expediente, onde queda claro que non é causa imputable a esta Administración ó estar a Rede Xeral Municipal de Saneamento en debidas condicións de uso e polo tanto non foi a causante dos danos alegados , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Desestimar a reclamación interposta por parte da Empresa VAAMONDE Y ESTEVEZ, S.L., ao considerar que non hai responsabilidade patrimonial polas razóns antes expostas.-

2º) Notificar este acordo ao reclamante para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.